

# **PLAN DE LECTURA, ESCRITURA E ACCESO Á INFORMACIÓN 2026/2030**

IES EDUARDO BLANCO AMOR



## 1. INTRODUCCIÓN

De acordo coa Resolución do 5 de xuño de 2025 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, os centros educativos deben elaborar e incluír nos seus Proxectos Educativos de Centro, Plans de Lectura, Escritura e Acceso á Información (PLEA) que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e do acceso á información e á adquisición de competencias básicas co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que marca a Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, que modifica a Lei orgánica do 2/2006, 3 de maio, de Educación (LOMLOE) e que os decretos 156/2022 e 157/2022, do 15 de setembro, da Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolven para as etapas de ensino obrigatorio e de bacharelato. Para iso, a Biblioteca escolar será o recurso de referencia que fomente e favoreza todas as actuacións que permitan a mellora destas competencias en lectura, escritura e alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes para un acceso, uso e tratamento da información axeitado de forma que garanta a calidade do ensino e o desenvolvemento do espírito crítico. A Biblioteca é pois un lugar privilexiado, o eixo vertebrador do centro, que ofrece oportunidades de aprendizaxe, de colaboración e de convivencia, que reforza todos e cada un dos programas e proxectos do centro. A Biblioteca (María Wonenburger) forma parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en centros públicos non universitarios (PLAMBE 6) e do PLAN LÍA (2021-2025).

O PLEA é un documento deseñado para desenvolverse a medio prazo no que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, escritura e acceso á información, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e o acceso e tratamento da información, coa participación do profesorado de todas as áreas e materias e incorporando a Biblioteca escolar como recurso fundamental para a súa posta en marcha. O PLEA é a referencia para a elaboración de Programas e Plans Anuais de Lectura que se incluírán na Programación Xeral Anual (PXA). O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados pola persoa responsable da biblioteca.

O PLEA garante a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden acadar de cara á súa formación como cidadáns/as activos/as e solidarios/as. Ademais, seguindo as indicacións do Consello da Unión Europea de 26 de novembro de 2012, traballarase para afianzar as alfabetizacións básica e funcional do alumnado, o desenvolvemento da súa alfabetización múltiple. O noso plan de traballo centrarase en catro áreas: o catálogo (poñer ao alcance do/a alumno/a un amplo surtido de lectura de todo tipo), a autonomía (situar o/a lector/a no centro do PLEA e fomentar a súa autonomía e construción dun criterio propio), a mediación (todo o profesorado debe acompañar e orientar o alumnado dende a diversidade) e o clima (propoñendo dinámicas e actividades transversais relacionadas coa lectura que se orienten a crear un clima e unha cultura lectora no centro).

## **2. CONTEXTO**

### **2.1 Contexto socioeconómico e cultural**

O IES Eduardo Blanco Amor está situado en Culleredo, un concello cunha poboación que rolda os 30.000 habitantes que se atopa na área metropolitana da cidade da Coruña. As familias que escolarizan os seus fillos e fillas neste centro teñen a súa residencia tanto na zona urbana como no ámbito semirrural do concello. Neste instituto conviven familias cun contexto socioeconómico e cultural medio e familias cun contexto socioeconómico e cultural máis modesto. Este centro ten transporte escolar e oferta servizo de comedor os luns ao mediodía. Así mesmo, o IES Eduardo Blanco Amor consta cunha ANPA implicada e participativa que colabora na realización de diversas actividades.

En canto ao aspecto cultural, na contorna do IES Eduardo Blanco Amor existen dúas biblioecas municipais, librarías, un conservatorio de música, unha escola oficial de idiomas, unha sala de servizos múltiples onde se levan a cabo exposicións e actuacións de teatro e unha asociación de mulleres rurais. Ademais, ao estar na área metropolitana da Coruña, o noso alumnado pode ter acceso á vida cultural que ofrece unha cidade de tamaño medio.

## 2.2 Contexto educativo

No IES Eduardo Blanco Amor impártese a ESO e o Bacharelato. No curso de elaboración deste PLEA o centro consta de 5 liñas na ESO e 4 no bacharelato. Así mesmo, a ratio do alumnado no primeiro ciclo da ESO é de 27 estudantes por aula, no segundo ciclo da ESO, de 25 e no Bacharelato, de 27. En canto á oferta lingüística, indicar que este é un instituto con sección bilingüe en inglés na ESO no que se ofertan dúas linguas estranxeiras: francés e portugués.

O noso alumnado, composto no momento da elaboración deste PLEA por 735 estudantes, é maioritariamente castelanfalante cunha competencia oral e escrita en castelán media-alta e unha competencia oral e escrita en galego media-baixa. O alumnado inmigrante ou de nova incorporación ao sistema educativo representa un 12% dos nosos estudantes. Aínda que existe certa diversidade na lingua materna deste alumnado, a maioría é castelanfalante cunha presenza notable de lusófonos.

Por outra banda, o índice de alumnos/as con dificultades no ámbito lingüístico (disfemia, dislexia ou outro tipo de condicións con dificultades significativas no ámbito lingüístico) representan un 5.3% dos nosos estudantes. No momento da elaboración deste PLEA, non se identifica alumnado que precise sistemas específicos de comunicación alternativa ou aumentativa, como pictogramas ou braille. Porén, en determinados casos empréganse recursos e materiais adaptados que favorecen a accesibilidade cognitiva, incluíndo propostas de lectura fácil, para apoiar ao alumnado coas necesidades educativas especiais indicadas anteriormente.

En canto ao manexo das TICs, o noso alumnado ten unha competencia media-alta xa que este centro pertence ao programa Edixgal.

Por último, indicar que a participación das familias é moi satisfactoria, reflectindo un alto grao de implicación e compromiso por parte da nosa comunidade educativa. Ademais, contamos coa participación de diferentes axentes externos como son a Garda civil (no marco do Plan director), ADAFAD, APEM, a fundación AMIGÓ, o centro de día de

Culleredo, o CEIP Ría do Burgo, a asociación galega de transplantes, o banco de alimentos Rías Altas, etc.

### 3. SITUACIÓN DA LECTURA, DA ESCRITURA E DO ACCESO Á INFORMACIÓN

#### 3.1 O centro

No momento de elaboración deste PLEA, existe neste centro un tempo sistematizado de lectura no horario: cada día durante 20 minutos lévase a cabo a Hora de ler. A sesión na que se realiza a Hora de ler varía semanalmente e para facilitar a súa aplicación pode consultarse o calendario da Hora de ler tanto no taboleiro de aula como na páxina web do centro ou no blog da biblioteca. Na Hora de ler lévase a cabo unha lectura individual na que cada estudante escolle o libro que desexa ler. O alumnado pode traer o libro da casa ou coller un libro da biblioteca.

Por outra banda, o centro, a través da biblioteca escolar, oferta actividades específicas para o fomento da lectura, da escritura e do acceso e tratamento da información: clubs de lectura de temática variada (no momento da realización deste PLEA as temáticas son: tradicional, manga, en inglés, en familia e Harry Potter), lecturas compartidas mediante o apadriñamento lector realizado co alumnado de infantil do CEIP Ría do Burgo, encontros con autores, encontros con *Bookstagrammers*, obradoiros de lettering, concursos literarios, podcast literarios, proxectos de investigación (*desmonta ao teu influencer*), identificación de fake news, etc.

### 3.2 A comunidade educativa

Para determinar a situación da lectura, escritura e do acceso á información da nosa comunidade educativa revisamos a documentación existente (PXA, Plan Lector de Centro, Plan Anual de Lectura, Programacións de Departamento e probas estandarizadas) e levamos a cabo enquisas. No momento de elaboración deste PLEA podemos observar que o noso alumnado ten un índice máis elevado de lectura durante o curso escolar e que diminúe durante as vacacións, que le maioritariamente en castelán e frecuentemente en galego fronte ás outras linguas do centro cuxa porcentaxe de lectura é moi baixa ou practicamente inexistente e que o tipo de obra lida é preferentemente non ficción, destacando as novelas. Así mesmo, podemos observar un índice baixo do uso das bibliotecas públicas da contorna. En canto á escritura, a porcentaxe de membros do alumnado que escribe no seu tempo libre é baixo sendo a narrativa o xénero máis empregado. Por último, a maioría dos membros da nosa comunidade educativa emprega ferramentas dixitais para o acceso á información e indica un uso axeitado da dita información. Moito do noso estudiantado indica saber detectar as fake news e unha porcentaxe media-baixa deles afirma contrastar a información por diferentes medios. (Anexo 1).

## 4. OBXECTIVOS

### 4.1. Obxectivos xerais

A resolución do 16 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidades Autónoma de Galicia marca como obxectivos xerais do PLEA:

- a) Mellorar a competencia lectora de todo o alumnado e fomentar a lectura crítica.
- b) Mellorar a produción de textos escritos en múltiples soportes.
- c) Favorecer as alfabetizacións múltiples (a alfabetización visual, informacional e mediática) do alumnado e fomentar o uso crítico da información.
- d) Implementar e reforzar nos centros educativos estratexias desde todas as áreas, materias e ámbitos do currículo que redunden na mellora da competencia lectora, escritora e informacional.
- e) Sistematizar a práctica lectora diaria en todos os niveis das etapas de primaria e secundaria.
- f) Consolidar as bibliotecas escolares como centros de recursos en diferentes soportes para a aprendizaxe e gozo da lectura, para o desenvolvemento de habilidades na escrita e para o acceso á información.
- g) Acadar a implicación de toda a comunidade educativa para favorecer o hábito lector e o fomento da lectura, así como o gusto pola escrita e o coidado desta.
- h) Promover por parte dos centros educativos o uso das ferramentas de diagnose e avaliación da competencia lectora, escritora e informacional.

## 4.2. Obxectivos 2026-2030

Tras levar a cabo unha análise das fortalezas e das debilidades do noso centro en materia de lectura, escritura e acceso á información, establécense os obxectivos seguintes para os catro próximos cursos escolares (2026-2030):


1. Incrementar a competencia en comunicación lingüística do alumnado:
  - 1.1. Reforzar as destrezas básicas de lectura, de escritura mediante actividades desenvolvidas no centro e relacionadas co fomento da lecto-escritura.
  - 1.2. Crear e consolidar hábitos lectores no alumnado e incrementar o tempo de lectura de rapaces e rapazas na casa.
  - 1.3. Mellorar a competencia literaria nas diferentes tipoloxías textuais.
  - 1.4. Planificar estratexias e actividades para fomentar a lectura en lingua galega.
  - 1.5. Aumentar a porcentaxe de lectura nos cursos de 2º e 3º da ESO.
2. Seguir reforzando as actividades que inciden no acceso, procura e uso de información.
3. Manter e reforzar as liñas de actuación que constitúan as nosas fortalezas.




# ANEXO I

## 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE LECTURA E ESCRITURA NO IES


A continuación amósanse algúns dos resultados da análise das enquisas:




- O índice máis elevado de persoas lectoras atópase en 1º e en 4º da ESO.
- A cantidade de alumnos/as que non len durante o curso é pouco significativa.




- O xénero máis lido son as novelas.




- A maioría do noso alumnado le en castelán ou en galego e castelán.



- A maioría do noso alumnado non escribe no seu tempo libre.
- Os/as estudandes que escriben no seu tempo libre manteñen o gusto pola escritura ao longo dos cursos.



- A maioría do noso alumnado contrasta ás veces ou sempre a información que lle chega.



- Un índice elevado do alumnado indica saber identificar as fontes fiables de información.